DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 22 · **Outubro 2021**



Down Galicia, partícipe do Xacobeo promocionando dúas etapas do Camiño

Terceira dose da vacina a persoas coa síndrome de Down maiores de 40

Excelentes resultados entre a mocidade das entidades en Competencias Clave

Entra en vigor a Lei de Apoios, un gran cambio que che explicamos en vídeo!

Un estudo revela as **consecuencias psicosociais da pandemia** entre os moz@s coa síndrome de Down ➜

Índice

Dúas etapas do Camiño en Vigo e Ferrol polo Xacobeo 2

Grandes resultados dos usuari@s en Competencias Clave 5

A Lei de Apoios entra en vigor. Explicámoscha en vídeo! 6

O Colexio Notarial e Aequitas colaboran coa Federación 8

Down Galicia no seminario da USC sobre reforma legal 10

Consecuencias psicosociais da pandemia na mocidade 11

Terceira dose a persoas maiores coa síndrome de Down 14

Fundación Ibercaja colabora en Emprego Con Apoio 15

Máis noticias? 17

Séguenos, subscríbete e contacta 18

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Sesión de Área de Vida Adulta en Down Ourense



Persoas vencelladas a Teima durante o Camiño Inglés

Down Galicia organiza polo Xacobeo dúas etapas do Camiño en Vigo e Ferrol

Co obxectivo de unir ás persoas usuarias e ás súas familias en torno á beleza do Camiño de Santiago, a Federación Down Galicia organizou en setembro dúas etapas do mesmo.

As etapas realizadas do Camiño Inglés e o Portugués, conducidas por guías expertas no Camiño de Santiago e adaptada a unha linguaxe máis sinxela para facilitar a comprensión das persoas participantes coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, ofreceu información sobre patrimonio, localidades, riqueza paisaxística, flora, fauna, etc.

O Camiño Inglés con Teima Down Ferrol

A primeira tivo lugar o sábado 11 entre as localidades de Ferrol e Neda, na que persoas vencelladas á entidade local Teima Down Ferrol compartiron momentos de intercambio, de aprendizaxe e de lecer.

Para dar comezo a esta xornada, Patricia Serantes, presidenta de Teima Down Ferrol, Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, e Gonzalo Trenor, Delegado Territorial da Xunta en A Coruña, quixeron animar ás 53 persoas participantes e destacar a importancia da iniciativa “O Teu Xacobeo”.

Na primeira das intervencións, a presidenta de Teima Down Ferrol, quixo destacar que o que se busca desde as entidades Down de Galicia é que as persoas usuarias “estean nos lugares nos que está todo o mundo” e quixo dar as grazas á Xunta “polo apoio a este proxecto”.

Pola súa banda, Delmiro Prieto González, presidente de Down Galicia, destacou que “este tipo de iniciativas son moi necesarias, pois poñen en valor a diversidade social e cultural existente en Galicia”. Así mesmo, Prieto quixo unir o Camiño de Santiago co camiño percorrido polas entidades Down recalcando que “a senda da inclusión é a que non se debe deter nunca” e agradeceu o apoio da administración autonómica durante este tempo.

Por último, Trenor agradeceu “todo o traballo que están a facer Down Galicia e as súas entidades” e destacou o éxito deste ano Xacobeo. Ademais, quixo resaltar a importancia do programa “O Teu Xacobeo”, que “permite que este evento faga partícipes a moitísimas persoas e entidades e non quede unicamente nunha cuestión de promoción desde a administración”.

O Camiño Portugués con Down Vigo

Trala boa experiencia percorrendo a primeira etapa do Camiño Inglés, a Federación organizou o sábado 25 unha nova andaina entre Mos e Redondela, na que 36 persoas vencelladas á entidade local Down Vigo compartiron unha estupenda xornada co Camiño de Santiago.

Trala saída en autobús desde a Escola Oficial de Idiomas da cidade de Vigo, onde tivo lugar un pequeno acto institucional no que participou a Delegada Territorial da Xunta en Vigo, Marta Fernández-Tapias, as persoas participantes chegaron ao punto de inicio da ruta, en Santiaguiño de Anta.



Parada no Camiño Portugués ante o miliario romano



Foto de familia en Vigo antes da saída

Alí, puideron desfrutar da marabillosa historia da Capela do Santiaguiño, chea de motivos xacobeos. Unha vez iniciado o camiño, coñeceron en profundidade a historia do Camiño Portugués percorrendo a Vía Romana XIX e o Camiño dos Frades e fixeron interesantes paradas no miliario romano de Vilar-Guizán-Louredo e no lugar de Padrón.

O Camiño do Movemento Down

Esta actividade enmárcanse no proxecto "O Camiño do Movemento Down", que tanto a Federación como as súas entidades quixeron levar a cabo neste Ano Santo ao abeiro do programa "O Teu Xacobeo" da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa creouse para ofrecer ás persoas vencelladas á Federación e ás entidades Down en Galicia un espazo de encontro e participación no que compartir inquedanzas e experiencias en torno ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e ás súas familias, así como aumentar o sentimento de unión e de pertenza.

Á súa vez, búscase que as persoas participantes gocen das rutas de diferentes Camiños de Santiago, aprendendo e desfrutando do patrimonio existente e da súa natureza.

Inicialmente, este proxecto estaba distribuído en dúas fases, con 14 etapas intermedias durante os meses de verán e cunha etapa final de encontro entre tódalas persoas participantes que tivo que ser cancelada por mor da crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19.

Excelentes resultados dos mozos e mozas de entidades Down nas probas de Competencias Clave

Os resultados das probas de nivel 2 e nivel 3 de Competencias Clave realizadas polas persoas usuarias de entidades Down de Galicia foron practicamente perfectos. Dos 23 exames aos que se presentaron o pasado 27 de xuño en Silleda, foron superados 22 deles, o que supón un 95,6% de aprobados. Estes bos resultados evidencian a gran preparación das 9 persoas participantes, pertencentes ás entidades Down de Ferrol e Lugo.

Como xa sucedeu en anteriores convocatorias, as persoas participantes coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual examináronse en igualdade de condicións que o resto das máis de 2.600 persoas que estaban convocadas nesta ocasión. Para que fose posible, foron solicitadas as adaptacións dos exames a lectura fácil para facilitar a súa comprensión, a ampliación da letra e do tempo para cada unha das probas e a presencia de persoal de apoio para solucionar as posibles dúbidas existentes durante a xornada.

Neste sentido, as entidades Down en Galicia destacan a importancia de concorrer a este tipo de probas a través do sistema ordinario. Asegúrase, deste xeito, a inclusión social atendendo á diversidade de cada individuo e garántese que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de acceso e participación tendo en conta as súas necesidades.



Persoas usuarias de Down Lugo e Teima fixeron as probas

Entra en vigor a Lei de Apoios, un gran cambio no eido xurídico que che explicamos en vídeo en 5 minutos!

O 3 de setembro entraba en vigor a "Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica", unha reforma moi esperada que remata coas incapacitacións xudiciais das persoas con discapacidade.

Con motivo desta nova lei, a Federación Down Galicia vén de publicar un vídeo explicativo co que pretende que todas as persoas alleas ao mundo lexislativo poidan comprender en poucos minutos os principais cambios con respecto á normativa anterior.



Foto de arquivo de Down Pontevedra Xuntos

Da man de Maripaz García Rubio, Catedrática de Dereito Civil da USC e membro da Sección Primeira da Comisión de Codificación encargada da elaboración do borrador do proxecto de lei, o documento audiovisual vai repasando as novidades máis salientables, como son a desaparición de figuras como a tutela ou a patria potestade prorrogada e a proposta, no seu lugar, dun sistema de apoios individualizados e adaptados ás necesidades de cada persoa para que poidan tomar as súas propias decisións libremente.

Deste xeito, a Federación pretende dar a coñecer de xeito sinxelo e comprensible o alcance desta reforma, o seu principal obxectivo, os apoios previstos na lexislación, o significado real do novo sistema proposto ou a situación na que quedan as persoas con discapacidade que estaban incapacitadas xudicialmente ata este momento.

Coa entrada en vigor desta normativa dáse cumprimento ao mandato do artigo 12 da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que obriga aos Estados parte, entre eles España, a garantir a igual capacidade xurídica das persoas con discapacidade en todo o tráfico xurídico, sen restricións nin exclusións, prestando apoios para a toma de decisións cando sexa preciso.

Esta reforma legal, unha das principais demandas dos colectivos de persoas con discapacidade desde hai moitos anos, supoñerá un cambio radical en como o Dereito civil entende a discapacidade e ás persoas con discapacidade, pasando do esquema paternalista e restritivo de dereitos da substitución ao promotor dos apoios na toma de decisións.



Vídeo explicativo sobre a Lei de Apoios

O Colexio Notarial de Galicia e a Fundación Aequitas asinan un convenio con Down Galicia para a divulgación do novo marco normativo

A Federación Down Galicia asinou en xullo un convenio de colaboración co Ilustre Colexio Notarial de Galicia e a Fundación Aequitas, que ten por obxectivo a realización de distintas actividades de asesoramento e divulgación sobre temas xurídicos de interese para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual. Este convenio, presentado en verán nun acto na Facultade de Dereito da USC, cobra especial importancia para as entidades Down de Galicia trala recente publicación da reforma lexislativa que pon fin á incapacitación xudicial das persoas con discapacidade.

Dentro das accións propostas, destacan as charlas informativas sobre a nova lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica; a resolución de dúbidas do eido xurídico que poidan xurdir trala aplicación do novo marco lexislativo; a achega dunha relación de profesionais de referencia aliñados coa Convención das Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade no ámbito das Notarías en Galicia; a colaboración nas actividades ou xornadas de formación, sensibilización e información que se leven a cabo; ou a elaboración, publicación e difusión de distintos materiais divulgativos.

No acto, Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, salientou "a necesidade de contar co apoio do notariado galego nestes momentos, pois é crucial para que a lexislación que está a punto de entrar en vigor saia adiante". Prieto aproveitou para convidar "a todos os profesionais do eido xurídico a non centrarse unicamente na discapacidade das persoas coa síndrome de Down e descubrir o moito que teñen que ofrecer".

Por parte do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, José María Graíño, decano da entidade, resaltou que "a nova lei supón un cambio de paradigma e, como xuristas prácticos, os notarios debemos ser proactivos para que se aplique en todo o seu contido", subliñou. O decano asegurou que os notarios e notarias "asumen con moita ilusión e responsabilidade" unha lei "que adecúa as nosas normas xurídicas a principios éticos que se plasman nos dereitos humanos, como a dignidade das persoas, a autonomía da vontade e a plena igualdade xurídica no exercicio dos dereitos e no cumprimento das obrigas de todos os cidadáns".

Pola súa banda, Almudena Castro-Girona Martínez, directora da Fundación Aequitas, indicou que a nova lexislación "consagra o exercicio de dereitos en condicións de igualdade, sen engadir barreiras ás persoas con discapacidade". Por outra banda, quixo facer fincapé en que "a sinatura deste convenio supón o empoderamento das persoas con discapacidade, o cumprimento da toma de conciencia en relación á igualdade das persoas e tamén dá cumprimento á disposición adicional segunda relativa á formación, non só ao sector xurídico, senón tamén ao sector da discapacidade".


La tabla mágica del 3
3x0=
3x1=
3x2=
3x3=
3x4=
3x6=
3x7=
3x8=
3x9=
3x10=

Down Galicia participa no seminario sobre o novo réxime xurídico da discapacidade organizado pola USC

A Federación Down Galicia participou o 20 de xullo na segunda xornada do curso de verán "A familia no novo réxime da discapacidade", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo deste curso foi dar a coñecer a transcendencia social e xurídica da nova lei que entrou en vigor o 3 de setembro.

Desta forma, o Movemento Down de Galicia quixo aportar o seu gran de area neste tema formando parte da mesa redonda "O impacto da reforma nas organizacións da sociedade civil", compartindo espazo coa asociación de dano cerebral de Compostela, Sarela.

A intervención comezou da man de Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, quen analizou de forma global o impacto que esta nova lexislación terá sobre as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e as súas familias, e continuou coa exposición da problemática actual no relativo ao exercicio de dereitos do colectivo.

Sobre este tema afondaron máis Isabel Fernández e Mar Vidal, nai e filla usuarias de Teima Down Ferrol, que puxeron sobre a mesa varios casos discriminatorios sufridos por elas mesmas e por outras persoas usuarias de entidades Down de Galicia.

Así, durante a súa intervención, destacaron a carencia xeral no uso dos axustes razoables, que facilitan ás persoas con discapacidade a accesibilidade e a participación, garantíndolles o desfrute ou exercicio de todos os seus dereitos en igualdade de condicións co resto da cidadanía. Neste senso, quixeron afondar na importancia da eliminación das barreiras da contorna, xa que aínda que a norma xurídica existe, o exercicio de dereitos das persoas con discapacidade depende, en gran medida, da vontade de aquelas persoas que estas atopan polo camiño.

A realidade actual existente

Desde a súa creación, as entidades que conforman o Movemento Down de Galicia foron detectando diferentes experiencias cotiás discriminatorias sufridas por distintas persoas usuarias das mesmas. Deste xeito, ao longo destes anos, persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais viron como se vulneraban os seus dereitos fundamentais ao prohibirlles abrir unha conta bancaria, ao ser rexeitadas á hora de facer un seguro de saúde, ao atoparse trabas e negativas para tramitar un certificado dixital ou ao sufrir distintos problemas en locais de ocio nocturno, entre outras.

Do mesmo xeito, tamén nos xulgados e notarías viven situacións discriminatorias, xa que as persoas con discapacidade intelectual adoitan atoparse con tratos paternalistas, linguaxe infantilizado, preguntas capciosas e, incluso en ocasións, faltas de respecto.

Un estudo lanza importantes conclusións sobre as consecuencias psicosociais da pandemia entre a mocidade coa síndrome de Down

Un estudo levado a cabo por Down España entre os meses de abril e maio de 2020 para avaliar as consecuencias psicosociais da pandemia na poboación coa síndrome de Down, lanzou uns resultados esclarecedores e á vez sorprendentes.

O estudo realizouse a través dun cuestionario no que participaron 340 mozos e mozas coa síndrome de Down, a maioría entre os 20 e os 29 anos. A continuación presentamos os principais resultados do estudo:

Respecto á información sobre a pandemia e a Covid-19

- Practicamente todas as persoas participantes saben que é a Covid. Só o 1,69% recoñece non ter coñecementos sobre o virus.
- Para o 71% a súa principal fonte de información sobre o virus é a televisión, seguido da familia (68,7%) e a asociación (46%).
- 65,9% cre que tivo información suficiente e un 34% considera que non está ben informado.
- Un 37,5 % ten medo ao coronavirus.
- 94,3% cumpre sempre as medidas de prevención.



Respecto ás emocións

- Case un 25% sentiuse só durante o confinamento. Na actualidade, persiste aínda un 13% de persoas coa síndrome de Down que senten sos.
- Un 44% afirma que sentiu triste durante o confinamento, porcentaxe que baixa ao 15% na actualidade.
- Coa alegría pasa á inversa. Un 39% sentíase alegre durante o confinamento, cifra que ascende ata un 75% na actualidade. É a emoción na que hai maior diferenza entre o confinamento e a actualidade.
- A maioría (68%) afixéronse ben á nova rutina do confinamento.
- A un 38% non lle apetecía facer actividades durante o confinamento.

Respecto á situación persoal e como afectou ás rutinas

- A maioría (94%) segue vivindo coa súa familia e o 80% cre que a convivencia foi boa.
- Un 9,6% case non sae de casa actualmente e un 54% recoñece que sae menos que antes.
- 60% lávase agora as mans máis a miúdo.
- Un 48% durmía máis durante o confinamento. Hoxe esta porcentaxe reduciuse a case a metade (28%).
- A gran maioría (84%) participaba nas tarefas de casa no confinamento. Case todos eles (82%) séguenо a facer
- Un 68% aprendeu tarefas novas durante este período, sendo as principais cociñar e limpar.

Respecto ao traballo e os estudos

- 33% dos que traballaban mantivo o seu traballo durante a pandemia. Un 48% estiveron ou están en ERTE. Un 18% perdeu o seu traballo.
- 67% continuou cos seus estudos desde casa durante o confinamento.

Respecto ao lecer e tempo libre

- Un 54% realizou exercicio en casa durante o confinamento.
- A maioría (80%) pasaba o seu tempo libre vendo a televisión ou vídeos na internet e tamén escoitando música (78%).
- Un 40% aprendeu algunha afección nova.
- 17% recoñece que se aburre no seu tempo libre.
- 55% pasa máis tempo en casa que noutros lugares.
- Un 19% ten medo de saír á rúa.
- Aínda que o 94% das persoas enquisadas mantivo o contacto cos seus amigos e amigas, o 17,5% di que agora non lles ve case nunca.
- 88% ten ordenador ou tablet propia, porcentaxe que sobe ao 96% cos que teñen un dispositivo compartido coa súa familia. Só un 4% afirma que non ten ningún dispositivo en casa.
- 82% aprendeu a utilizar ferramentas dixitais novas durante o confinamento. Unha vez que aprenderon a usalas, o 69% utilízaas de forma autónoma.



As persoas coa síndrome de Down maiores de 40 anos reciben unha terceira dose da vacina contra a Covid

A Comisión de Saúde Pública aprobou a finais de setembro ampliar a administración da terceira dose da vacina, que xa tiñan autorización para recibir desde mediados de mes para as persoas transplantadas, a todas aquelas consideradas de risco pertencentes ao grupo 7, como persoas coa síndrome de Down maiores de 40 anos ou os pacientes en hemodiálise, ademais das persoas maiores en residencias. Esta terceira dose comezou a ser inoculada a partir do 1 de outubro.

O grupo 7 de vacinación está constituído actualmente na Estratexia Nacional de Vacinación por persoas con transplante de proxenitores hematopoéticos, transplante de órgano sólido ou en lista de espera para transplante (pulmonar, renal, pancreático, cardíaco, hepático ou intestinal), persoas con VIH, pacientes con tratamento substitutivo renal, persoas con enfermidade oncohematolóxica ou inmunodeficiencias primarias e persoas coa síndrome de Down maiores de 40 anos e persoas con fibrose quística.

Estes colectivos de persoas de risco súmanse aos e ás pacientes con inmunidade gravemente comprometida que xa foran autorizadas para recibir unha dose adicional da vacina na anterior reunión da Comisión de Saúde Pública, na que participan o Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas.



Sesión de autonomía urbana de Teima Down Ferrol

Fundación Ibercaja colabora co programa Emprego Con Apoio para a inserción laboral das persoas coa síndrome de Down

A Fundación Ibercaja, a través da súa Convocatoria 2020 de Proxectos sociais, colabora co proxecto "Emprego Con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual" que a Federación Down Galicia desenvolve nos seus 7 centros de atención nas principais cidades galegas: Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A través deste soporte económico, 70 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en idade laboral participaron no programa co obxectivo de facilitar a súa inclusión socio-laboral, mellorando nos seus niveis de autonomía, habilidades, independencia e capacitación para o emprego.

Deste xeito, pódese dicir que a contribución da Fundación Ibercaja tivo como beneficiarias, de forma directa, a estas 70 persoas usuarias do proxecto e, de maneira indirecta, a 210 familiares que forman parte da rede de apoio de cada unha delas. Ademais, visitáronse 72 empresas, sendo as 57% novas no proxecto, acadando a colaboración do 30% destas. Conseguiuse asinar un contrato para 30 persoas en desemprego e prácticas para 41, á vez que se logrou manter o 100% dos empregos.

Para a consecución do obxectivo marcado neste proxecto leváronse a cabo distintas actividades: Desde valorar e orientar ás persoas usuarias cara ao emprego, ata a procura de traballo ou prácticas, pasando por apoiarlles nos seus postos e intervir coas súas familias.

O proxecto impacta na calidade de vida das persoas usuarias dun modo moi positivo xa que adquiren unha responsabilidade e unha autoestima moi importante para levar a cabo unha vida o máis normalizada posible. Grazas a este, varias persoas usuarias obtiveron a súa primeira ou unha nova experiencia laboral e outros moitas, conseguiron facer prácticas laborais nunha contorna laboral, mellorando así as súas posibilidades de empregabilidade.

Así é o programa de Emprego Con Apoio

Este modelo baséase nun sistema estruturado de apoios e acompañamentos para guiar ás persoas demandantes de emprego a través de todo o proceso de inserción socio-laboral e asegurar a súa correcta incorporación ao posto de traballo. Deste xeito, as persoas que se incorporan a un posto, contan co apoio dun preparador ou preparadora laboral que se encarga de levar a cabo unha formación específica no propio posto de traballo, para que o traballador ou traballadora poida ir adquirindo progresivamente unha adecuada execución das tarefas. O apoio tamén se centra na potenciación da interacción social cos seus compañeiros e compañeiras de traballo e na mediación na relación con eles para que se desenvolva de maneira positiva e natural.



Imaxe de arquivo dun usuario de Down Compostela traballando

Máis noticias?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Os Campionatos 'Baristas Down' álzanse cun dos premios da revista La Alacena Roja

Os "Campionatos Baristas Down" foron unha das catro iniciativas galardoadas cos premios que cada ano outorga a revista La Alacena Roja.

Nunha gala celebrada o pasado 13 de setembro no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago de Compostela, a publicación, que este 2021 cumpre o seu oitavo ano de vida, recoñeceu as mellores iniciativas turísticas e gastronómicas do último ano.

Down Lugo inaugura a exposición fotográfica 'Olladas do Camiño'

Ao longo do mes de setembro púidose desfrutar da exposición fotográfica "Olladas do Camiño" que Down Lugo instalou na sede da asociación.

Nesta mostra, coa que se busca poñer en valor o patrimonio cultural e humano do Camiño de Santiago, amosáronse distintas imaxes capturadas polas persoas usuarias da entidade en lugares tan emblemáticos do Camiño Francés como Samos e O Cebreiro.

Ana, Rocío e Guillermo comezan a traballar en dúas empresas da cidade de Vigo

Este mes de xullo, Ana e Rocío, usuarias de Down Vigo, pasaron a formar parte do persoal que realiza as tarefas de limpeza no primeiro albergue de Vigo para peregrinos do Camiño da Costa. Contratadas pola empresa Clece, o seu traballo consiste na limpeza e desinfección das instalacións do recentemente estreado edificio, inaugurado o pasado 29 de xuño e situado na praza do Berbés.

O perfil laboral de limpeza, ademais de ser fundamental nestas instalacións de uso público, cobra especial importancia por mor da situación de emerxencia sanitaria actual. Hoxe máis que nunca, realizar as tarefas deste posto con rigor e profesionalidade é unha cuestión de saúde pública.

Deporte e medio ambiente no comezo do verán de Down Coruña

Os mozos e mozas da asociación Down Coruña estiveron este verán sen parar de realizar actividades no seu tempo libre. Unha vintena de usuarios e usuarias achegáronse á práctica do rugby da man do club CRAT Coruña e gozaron dun plan diferente, saudable e participativo.

Por outra banda, un grupo de socios e socias da entidade participaron nunha xornada de limpeza na praia arteixana de Sabón.

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Consulta a nosa política de privacidade



Persoas usuarias de Down Coruña
durante unha aula de surf este verán